



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BERGONDO
O PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA
XULLO 2017

IV. O PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA	5
18. DESCRIPCIÓN DO PROCESO	5
18.1. OBXECTIVOS	5
18.2. METODOLOXÍA	5
18.3. FERRAMENTAS	6
19. EXPOSICIÓN DE RESULTADOS	9
19.1. CALENDARIO DO PROCESO	9
19.2. OS RESULTADOS	10
19.3. CONCLUSIÓNS E INCIDENCIA NO PXOM	12

18. DESCRIPCIÓN DO PROCESO

Poñendo por un intre a atención na participación veciñal na definición das políticas públicas, e, dun xeito máis concreto, nos documentos do alcance territorial e temporal que implica un novo Plan Xeral, non é posible presuponer que estes poidan desenvolverse axeitadamente sen o coñecemento, opinión e valoración da veciñanza. É por este motivo que na realización da proposta do PXOM faise un especial fincapé na participación pública de particulares, asociacións, colectivos e outras entidades cidadás, que poderá continuar ao longo de todo o proceso de redacción, pero moi especialmente, nas fases iniciais do mesmo.

de acordo cos principios e finalidades establecidas na vixente lexislación urbanística, e en concreto nos artigos 4, apartado b) e 5, apartados c) e máis f), da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos que sinala que "a competencia urbanística no que se refire á execución do planeamento comprenderá as seguintes facultades: b) Fomentar a iniciativa dos particulares, promovendo a súa participación nos procesos de execución", así como recoñecer a capacidade das administracións públicas, no referido á materia de urbanismo, de asegurar a "participación da comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística" e "velar para que (...) se desenvolva promovendo a máis ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares, asegurando en todo caso, a participación dos cidadáns e asociacións por estes constituídas para a defensa dos seus intereses e valores".

Do mesmo xeito, no artigo 2º, apartado 4, da Lei 2/2016, sinálase que "na formulación, tramitación e xestión do planeamento urbanístico as administracións urbanísticas competentes deberán asegurar a participación das persoas interesadas e da cidadanía en xeral".

Porén, e malia a consideración de que a cuestión da participación pública no proceso resulta esencial, a Lei do Solo de Galicia non define nin concreta a que se está a referir con participación na elaboración do planeamento, polo que nesta primeira fase de redacción do Borrador de Plan e Documento Inicial Estratéxico implementouse o proceso de participación pública, **Bergondo Participa** coa intención de concretar o modelo de Plan de as liñas estratéxicas, en coherencia coas necesidades reais da veciñanza do Concello.



18.1. OBXECTIVOS

Ademais dos obxectivos marcados pola lei, a apertura dun proceso participativo en torno a un planeamento urbano ten que permitir acadar os seguintes obxectivos:

- Permitir unha reflexión á cidadanía tanto asociada como individual sobre o coñecemento do seu propio hábitat e por ende, que modelo se desexa para os próximos 15-30 anos.
- Facer posible o enriquecemento dos coñecementos técnicos do equipo redactor e dos membros do consistorio coa experiencia da realidade diaria da veciñanza.
- Entender as complexidades territoriais e elaborar propostas construtivas que favorezan o interese xeral e o ben da comunidade, facendo posible o deseño dun municipio para todas e todos.

Ao mesmo tempo a metodoloxía seguida tivo en conta os seguintes criterios:

- Inclusión de tódalas perspectivas posibles co gallo de asegurar o principio de diversidade e de representatividade de tódolos sectores da poboación.
- Respetar as fases do procedemento marcadas per la Lei do Solo e da Avaliación Ambiental Estratéxica.

18.2. METODOLOXÍA

De acordo cos obxectivos e recomendacións anteriores para desenvolver o programa de participación pública formulouse a seguinte estrutura de contidos:

Durante o primeiro prazo de 15 días, os responsables municipais conxuntamente co equipo redactor concretaron o contido do Programa de Participación Pública para a súa publicación.

Explicíatanse os diversos momentos clave para o entendemento do proceso; unha primeira etapa extensa desenvolvida durante a elaboración dos traballos para a redacción do Borrador de Plan e Documento Inicial Estratéxico, onde a investigacións, as conversas e obradoiros a participación cidadá serán mais intensos, co gallo de realizar unha diagnose detallada e unhas liñas estratéxicas có consenso veciñal. Outra segunda etapa é a que se levará a cabo durante os procesos de aprobación inicial e provisional, reforzando os requisitos mínimos marcados na LSG.

[durante Documento de Inicio]

Fase 0: Comunicación e diagnose participativa,



1. Creación da imaxe gráfica do proceso.
2. Campaña de información e comunicación.
3. Establecemento dunha plataforma dixital.
4. Creación dos órganos de participación.

Fase 1: Recollida de ideas elaboración de propostas

5. Elaboración da diagnose urbanística-participativa e a súa presentación.
6. Espazo de traballo: aproximación da realidade territorial á cidadanía. Os obradoiros temáticos e territoriais
7. O seguimento da comisión política

Fase 2: Análise e elaboración do documento.

8. Presentación de resultados.

[a partir do documento para a aprobación inicial]

Fase 3: Información e seguimento

9. Exposición do documento
10. Período de consultas

18.3. FERRAMENTAS

Na execución do proceso **Bergondo Participa** e para dar resposta aos obxectivos marcados, implementáronse diversas ferramentas de participación grazas ás que se puido recoller un abano de necesidades e inquedanzas dos diferentes colectivos e particulares.

En primeiro lugar constituíronse tres grupos de traballo, xunto coa convocatoria de varias reunións abertas a tódalas veciñas e veciños de Bergondo e a chamada á participación telemática e virtual do máximo número de persoas interesadas:

• Grupos de traballo:

En primeiro lugar constituíronse tres grupos de traballo, xunto coa convocatoria de varias reunións abertas a tódalas veciñas e veciños de Bergondo e a chamada á participación telemática e virtual do máximo número de persoas interesadas:

Comisión de Seguimento do PXOM

Representación de todos os grupos políticos do Concello

Comisión territorial

A comisión estivo formada por representantes das diferentes asociación veciñais de todo o Concello.

Tratouse de acadar un grupo representativo da realidade de Bergondo que propiciase o debate dos principais temas a considerar durante as primeiras fases de redacción do PXOM, con tal fin este grupo non debería superar as vinte (20) persoas, de modo, que as diferentes asociacións poderían asistir a título persoal ou cun representante por diferentes temáticas.

Comisións temáticas

O obxectivo foi o de conseguir un grupo de debate o mais representativo posible, do arredor de 15-20 persoas cun amplo coñecemento da realidade municipal en cada unha das materias que afectan á redacción do PXOM.

Para isto convocáronse tres comisións representativas dos eixos temáticos:

- A SOCIAL E DIVERSIDADE: nas que se traballaron necesidades cuantitativas e cualitativas de equipamentos, zonas verdes, accesibilidade etc., así como sobre a súa distribución no territorio.

Netas comisións convidáronse a asociación ELAS, persoal de servizos sociais, educación, xuventude, etc

- TERRITORIO E NÚCLEOS RURAIS: tratáronse as problemáticas concretas dos solos rústicos e as potenciais especiais proteccións nos que incluílos, delimitación de parroquias, as problemáticas dos núcleos rurais en canto á súa tipoloxía, vivenda, etc

Como persoas representantes participaron colectivos de defensa do patrimonio natural e cultural, medioambiente, do GDR As Mariñas - Betanzos, do SEPRONA, etc..

- ACTIVIDADE ECONÓMICA E TECIDO RESIDENCIAL: incidiuse nas problemáticas dos núcleos mais urbanos, adecuación da tipoloxía de vivenda e dos problemas da aplicación da normativa, a mobilidade local, do comercio local e das previsións e necesidades de solo para o desenvolvemento económico.

Esta comisión estivo formada por diversas arquitectas e arquitectos en representación do COAG, xestores inmobiliarios, enxeñeiros, asociacións de amas de casa, etc.

• Reunións veciñais:



Con carácter mais informativo, convocáronse dous tipos de asemblea; foron foros abertos, nos que se convidaba á asistencia á cidadanía en xeral, sen filtrar unha mostra representativa.

Asembleas parciais por Parroquias.

Co gallo de acadar unha maior representatividade nos núcleos rurais, tense organizado asembleas en cada unha das asociacións de veciños das distintas parroquias, agrupadas segundo idiosincrasias similares, que en xeral se teñen correspondido coas áreas funcionais.

Técnicos e políticos municipais realizaron estas sesións informativas.

Asemblea xeral do Municipio.

Son presentacións públicas de convocatoria aberta municipal, nas que se expoñen os resultados obtidos nas diferentes fase de elaboración do PXOM.

Realizouse unha primeira de presentación do proceso e inicios dos traballos, e posteriormente en cada unha das entregas parciais do documento.

• Participación telemática e virtual:

En paralelo as estas ferramentas e para chegar ao maior número de persoas posible, implementáronse medios de participación telemática:

O espazo web do PXOM na páxina web municipal.

Créase unha páxina específica onde centralizar toda a información referente ao PXOM, e ás sesións de participación.

Caixa de suxestións.

Mediante esta ferramenta a veciñanza está en contacto directo có equipo redactor do PXOM, para facer preguntas ou suxestións, nas diferentes fases de tramitación.

19. EXPOSICIÓN DE RESULTADOS

As sesións realizadas tiveron un bo índice de participación, a continuación expóranse os principais resultados obtidos e de que xeito as conclusións obtidas incidiron nas liñas estratéxicas do PXOM

19.1. CALENDARIO DO PROCESO

Definición do programa

Na sesión de seguimento do **17 marzo do 2014**, consensúase o programa de participación a seguir durante as distintas fases do PXOM.,

Creación da identidade

A creación dunha imaxe e un slogan que represente a identidade de Bergondo e o obxecto do proxecto de elaboración do PXOM son imprescindibles para o éxito do Proceso de participación pública, será fundamental a nivel comunicacional o recoñecemento e a memorabilidade da imaxe elixida como punto de partida da difusión e divulgación de todas as accións a desenvolver (obradoiros, presentacións de resultados, enquisas, etc.)

Realizáronse os traballos de creación da imaxe, elixida na comisión de seguimento do **15 de decembro do 2014**.

A proposta de logotipo finalmente seleccionada traballa sobre a evocación do sentimento de identidade co territorio. O deseño simboliza conceptos que caracterizan a un proceso de participación destas características: unidade, dinamismo, solidez, etc. O "P" de "Participa", elemento secundario da composición, apóiase na "B" de Bergondo, que á súa vez sostén e alza unha representación esquemática e simbólica do territorio. Na súa parte inferior explícitase "Participación Pública do PXOM", reforzando o obxectivo colectivo da redacción do PXOM.

Trátase dunha imaxe moi recoñecible e coa que resulta doado identificarse, xa que é capaz de sintetizar e transmitir os valores de unidade e compromiso co territorio, valores implícitos ao proceso de participación, que procurará escoitar a unha pluralidade de voces e transformalas nun proxecto único e común.



O portal web

No proceso apostouse pola posta en funcionamento dun portal web vencellado á páxina municipal e con acceso dende a mesma, para a difusión das accións relativas á elaboración do PXOM. Con este fin, deseñouse un *banner* que se situará na páxina web municipal e nas daquelas entidades ou asociacións de ámbito municipal dispostas a colaborar na difusión do proceso.

Nesta plataforma inclúese toda a documentación xerada polo proxecto, así como un espazo de divulgación de novidades, en formato blog, que facilita a comunicación e o seguimento das accións do propio proceso de participación.

A interactividade da plataforma dixital sexa moderada, de modo que soamente serán publicados aqueles comentarios das persoas usuarias que non conteñan información ofensiva ou ilegal, de acordo as normas de comportamento do sitio.

Habilitouse un formulario de contacto para dúbidas, achegas ou consultas de todo tipo, e por suposto, respectarase a accesibilidade, así como a correcta visualización en todos os navegadores e a través de dispositivos móbiles.

O lanzamento do portal web tivo lugar da cara ao comezo das sesións de presentación o **10.03.2015**

As redes sociais

Fronte a un espazo web concibido como un portal de carácter máis estático, a presenza de *Bergondo Participa* nas redes sociais máis empregadas (facebook, twitter) permíttiu unha maior axilidade e inmediatez na comunicación coa veciñanza do Concello, ademais de traballar pola construción dunha comunidade de persoas usuarias que poden expor cuestións, facer achegas ao proceso ou compartir información acerca do territorio, dun

xeito máis dinámico.

O obxectivo de traballar dende as redes sociais é acadar, xunto coas outras ferramentas descritas, un axeitado desenvolvemento do plan de información e comunicación, traballando tanto na xestión da difusión da información institucional xerada coma do retorno da información.

As presentacións e os grupos de traballo

Unha vez elixida a identidade representativa do proceso púxose en marcha a páxina web que servirá

O calendario de realización dos diferentes grupos de traballos tivo lugar durante a realización dos traballos de información e diagnose do PXOM de cara a conformar as estratexias do Plan.

- Sesión de presentación
Presentación do equipo e explicación do equipo **16.03.2015**
- Grupo de traballo, sesión 1
Temática: Sistemas xerais e análise socioeconómico **14.12.2016**
- Grupo de traballo, sesión 2
Temática: O tecido residencial **18.01.2016**
- Grupo de traballo, sesión 3
Temática: Modelo de asentamento poboacional **22.02.2016**
- Sesión de presentación
Información territorial e liñas estratéxicas **18.07.2016**

As comisións de seguimento cós diferente grupos políticos tiveron lugar nas mesmas datas que as comisións ademais das sesións previas, nas que se ía conformando os diferentes pasos para a realización dos traballos, 17 marzo do 2014, 15 de decembro 2014.

As asembleas parroquiais

Nas asembleas parroquias realizadas polo persoal do Concello, expuxéronse as conclusións extraídas das comisións territoriais, de xeito que cada parroquia tiña a devolución do traballo realizado polas persoas que as representaban. Estas sesións reunións tiveron lugar nos seguintes datas e localizacións:

- Centro social de Lubre: Luns, 4 de xullo, ás 19:00
- Centro social de Cangas: Mércores, 6 de xullo, ás 19:00h.
- Casa da cultura (Bergondo): Xoves, 7 de xullo, ás 19:00h
- Centro social de Guísamo: Venres, 8 de xullo, ás 19:00h.
- Centro social de Vixoi: Luns 11 de xullo, ás 19:00h.
- Centro social de Santa Marta de Babío: Mércores, 13 de xullo, ás 19:00h.
- Centro social de Cortiñán: Xoves, 14 de xullo, ás 19:00h.
- Centro social de Fiobre: Venres, 15 de xullo, ás 19:00h.

A caixa de suxestións

A caixa de suxestións está incorporada dentro do portal web, e estará vixente durante toda a realización do Plan.

19.2. OS RESULTADOS

COMISIONS DE SEGUIMENTOS

Saliéntanse a continuación as reflexións e demandas mais salientables das diferentes sesións de participación.

Para expor os resultados obtidos, agrúpanse os resultados en función dos principais eixos temáticos tratados en cada unha das sesións, independentemente da comisión na que se teña tratado.

Sustentabilidade e patrimonio

- Posta en valor de elementos patrimoniais, saliéntanse as zonas de muros antigos en Vixoi, Quianta de Tortón e Villa Julia.
- Facer especial atención a elementos representativos do territorio que actualmente non contan con recoñecemento nin catalogación, como poden ser:

- árbores senlleira
- fontes
- mananciais
- mámoas
- castros
- Recuperación do fronte costeiro de Gandarío
- Estudar os antigos camiños que unían Bergondo como o camiño de Santiago
- Proponse limitar as plantacións nas zonas mais altas para poder ver a costa nestes espazos de miradoiro.
- Recuperación ambiental do polígono de Bergondo. Mellorar e ampliar a depuradora do polígono.
- Saliéntanse valores naturais e ambientais de Bergondo, como:
 - A importancia das brañas e fragas asociadas a estas nacentes.
 - potencial edáfico moi alto, un dos mais elevados de Galicia.

Dotacións. Equipamentos e zonas libres

- Concello conta cunha rede de pequenos partes infantís e biosaúdables, espaxados polas diferentes parroquias, porén están moi enfocados para dúas franxas de idade, sen dar resposta a adolescentes, xoves e media idade. Repensar a urbanización de cara a crear espazos mais interxeracionais.
- Creación de mais escolas infantís para mellorar a conciliación familiar. Detéctanse puntos clave, como son ao lado do CPI Cruz do Sar (mellora da súa capacidade) no polígono de Bergondo e en Guísamo para dar resposta a: as familias que teñen varias fillas e fillos en idade escolar, e os centros de 0-3 anos están nas parroquias, para aquelas persoas que traballan no polígono ou persoas que se desprazan.
- Mellorar a oferta de instalacións deportivas que complementen o polideportivo do CPI Cruz do Sar. Prefírese que sexa nas proximidades deste.
- Unha gran áreas de centralidade onde situar os espazos de lecer, equipamentos e zonas verdes demandadas, de xeito que se poidan xuntar un bo número de persoas ao redor do mesmo espazo. (Montecelo, Santa Marta de Babío e en Rois, na zona do Xaralleira).
- Espazo de xogo cuberto e calefactado.
- Proponse a procura de mecanismos para relacionarse e complementarse con outros concellos veciños na distribución e uso de grandes equipamentos e áreas de lecer e unha rede de camiños accesibles entre todos eles.

Mobilidade

- Necesidades dun plan de mobilidade sostible e melloras no transporte público
-
- Mellora da conexión con outros concellos veciños. Xestión eficiente do transporte público.
- Mellora da conectividade ao longo dos pasos ferroviarios e da AP-9
- Adecuación da accesibilidade ao longo da N-VI, de cara a unha mellor integración do peón e conexión de ambas beiras.
- Rede de mobilidade sustentable, por medio da potenciación de rutas e camiños seguros, ciclables, mellora do transporte público, mellora da visibilidade e seguridade das vías para peóns e ciclistas.
- Adecuación e mellora das seccións viarias. En concreto do viario por onde discorren as rutas do transporte escolar.

Vivenda

- É preciso buscar novas fórmulas de vivendas intermedias de propiedade individuale colectiva, que conte con pequenos xardíns para que a xente nova non teña que marchar do concello.
- Non se necesita mai consumo de solo residencial, porén, concentrar mais nos núcleos rurais.
- Necesítase unha mellora de ofertas e potenciar o mercado inmobiliario.
- Hai que mellorar os núcleos e potencialos. Non é necesario facer novas bolsas de solo "ex novo" senon "pechar" núcleos existentes.

Sector económico

Agroecoloxía

- A potenciación da agricultura ecolóxica como medio de traballo, sendo un lugar Bergondo de especial valor para a horta.

- Crear un circuíto de proximidade con mercado en Guísamo, potenciando os produtos e prácticas locais, dos que se salientan:
 - a DO de viño de Betanzos
 - potencial da horta de Bergondo.
 - fomentar as prácticas ecolóxicas
 - revalorizar os cultivos destacables como a mazá de Cortiñán e Lubre, o Repolo nas Angustias, plantón, o millo, etc

Áreas empresariais

- Procurar a unión entre o polígono de Bergondo e o de Espírito Santo.
- Ampliación do polígono buscando parcelas mais pequenas, que son as que mais se demandan actualmente (400-200m²)
- Unificar o solo industrial que se atopa espaxado pola parroquia de Vixoi e eliminar estes pequenos solos industriais

Comercio

- Mellora da accesibilidade nas zonas onde hai comercio.
- Aumentar a oferta comercial

CAIXA DE SUXESTIÓNS

Á caixa de suxestións chegaron un total de 56 achegas dende o inicio do proceso. A meirande parte encamiñadas a coñecer a clasificación do solo proposta polo PXOM en parcelas privadas. En xeral son suxestións que sobrepasan os contidos da fase de borrador de Plan.

Porén, houbo valiosas achegas sobre elementos de carácter patrimonial, recuperación de camiños e sendeiros, etc.

Algunhas destas aportacións, tal e como se explícita no punto seguinte teñen incorpóranse nas directrices do PXOM, outras quedaron reflectidas como recomendacións do Plan, a vehiculizar por outros plans ou programas.

19.3. CONCLUSIÓNS E INCIDENCIA NO PXOM

Como se ten citado anteriormente, algunha das propostas extraídas do proceso de participación, non precisan da revisión do planeamento para a súa realización, ou son obxecto de plans ou programas paralelos ou posteriores.

No primeiro grupo inclúense todas aquelas melloras de urbanización, acondicionamento e espazos públicos xa existentes, sen aumento de intensidade ou de consumo de solo.

Formarían parte do segundo grupo, as demandas dun plan de mobilidade sustentable, dos programas de mellora turística, de creación dunha rede de produción e consumo agrogandeira, das melloras en políticas de xénero e conciliación, etc.

Sustentabilidade e patrimonio

- A proposta de Plan incorpora novos elementos aos actuais catálogos de patrimonio, no catálogo de patrimonio do Plan, nomeadamente as árbores senlleiras do Pazo de Mariñán, a Secuoia Xigante do Pazo de Casal en Babío, afonte de San Victorio, de Rois, etc
- Proponse a mellora ambiental do rego Gandarío e o seu afluente ata Tatín, reforzando a conectividade con Tatín e Ouces por medio do corredor ecolóxico e os sendeiros peonís e ciclistas propostos.
- Ordenación dos campamentos turísticos, en coherencia coas determinacións do POL e de integración paisaxística.
- Apertura dunha senda peonil ao longo da costa de Gandarío que garante o paso público.
- Complétanse a rede de sendeiros e camiños, de cara a tecer o territorio.
- PERI do polígono de Bergondo conterà entre as súas determinacións, a integración paisaxística dos terreos.

Dotacións. Equipamentos e zonas libres

- Plan reserva terreos destinados a zonas verdes e espazos libres e equipamentos completado a ordenación das Senra e o CPI Cruz do Sar, e o núcleo de Mariñán.
- O resto da oferta dotacional completárase coas zonas verdes e espazos libres das unidades residenciais intermedias.

Mobilidade

Malia á pertinencia da realización dun programa de mobilidade sustentable o Plan establece as seguintes propostas e criterios:

- A proposta de Plan, establece unha xerarquía viaria, e as determinacións das

condicións de urbanización da rede arterial de proximidade, onde se integran as necesidades mínimas de deseño para a integración segura do tráfico peonil.

- Crea novas conexións peonís e ciclistas grazas á rede de mobilidade saudable
- Como recomendación o Plan enmarca aqueles espazos nos que se deben realizar actuacións de mellora e pacificación viaria.

Vivenda

No eido residencial, mais aló da adecuación da normativa aos tecidos residenciais existentes, o Plan establece tres actuacións en canto á mellora da calidade da vivenda:

- Actuacións residenciais unitarias
- Actuacións residenciais intermedias
- Unidades de autopromoción colectiva

Sector económico

En canto á mellora e incorporación de programas de agroecoloxía, alén da realización necesaria de plans específicos;

- O Plan recolle a potencialidade de cada un dos solos do Concello.
- Incluirá nas súas determinacións o artellamento dos usos dos diferentes tipos de solo.

No eido empresarial e comercial:

- Proposta dun viario que integre os polígonos de Bergondo e de Espiritu Santo
- Completar a trama do polígono con pequenas adhesións de terreos próximos.
- Mellorar a oferta de solos terciarios, e a súa articulación có tecido residencial.

EQUIPO REDACTOR:

UTE

JORNET-LLOP-PASTOR SLP + María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete i Andreu

> JORNET-LLOP-PASTOR arquitectes SLP

Sebastià Jornet i Forner arquitecto	1987 (UPC)
Carles Llop i Torné doutor arquitecto	1993 (UPC)
Joan Enric Pastor Fernández arquitecto	1987 (UPC)

> Director do Plan:

Sebastià Jornet i Forner arquitecto	1987 (UPC)
-------------------------------------	------------

> Responsables do proxecto:

Gabriel Jubete Andreu arquitecto	1992 (UPC)
María Ríos Carballeira arquitecta	2006 (ETSAC)

Olalla Señoráns Varela arquitecta	2010 (ETSAC)
Delia Prado Figueroa	2013 (ESG)
Daniel Vazquez Añel	estudiante (ETSAC)

En cada unha das disciplinas, nomeouse un experto responsable dos traballos e Aportacións:

> Informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental

Ignasi Grau Roca. Enxeñeiro agrónomo
 Ferran González Prat. Biólogo
 Angel Enrique López Pérez. Xeólogo
 Ricard Molina Castellà. Enxeñeiro de montes

> Análise do modelo de asentamento poboacional e análise sociodemográfica

Alejandro Fernández Palicio arquitecto 2005 (ETSAC)

> No catálogo, diagnose e proposta de integración do patrimonio

Sergio Pereira Ibáñez antropólogo 2005 (UB)

> Catálogo patrimonio arqueolóxico

Luís Cordeiro Maañón licenciado en Historia 2000 (USC)

> -Na creación gráfica do proceso de participación pública

DELOGA -Consultaría de políticas públicas, desenvolvemento territorial e políticas sociais

> Asesoría xurídica

Àngels Gil-Vernet i Huguet, avogado 1973 (UB)

> Estado actual dos servizos. Estudo técnico capacidade futura

Pere Santos Forrellad Enxeñeiro de Camiños Canles y Portos 1990 (UPC)

En Vigo, a 28 de xullo do 2017

En representación da UTE,
 María Ríos Carballeira